

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE, COMO LEI FUNDAMENTAL DO CONTRATO, REXIRÁ O PROCESO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA E MEDIANTE LICITACIÓN ELECTRÓNICA, PARA ADXUDICAR A PRESTACIÓN O CONTRATO DE SUBMINISTRO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E PLATAFORMA EDITRAN PARA O CONCELLO DE VILAGARCÍA”, INCLUIDO NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, DENTRO DA LIÑA DE ACTUACIÓN DENOMINADA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA –VLG_LA01_TRANSDIG-, COFINANCIADAS NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (2 LOTES)

1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

O contrato ao que se refire o presente prego, é un contrato de subministro de natureza administrativa e rexerá pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en adiante LCSP, e as súas disposicións de desenvolvemento; polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en adiante RXLCAP) naquelo que non se opoñan ou contradigan a Lei 9/2017; polo Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, polo que se desenvolver parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (de conformidade co preceptuado pola disposición derogatoria única, in fine, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas) e a Orde EHA/1307/2005, de 29 de abril que regula a utilización de medios electrónicos en procedementos de contratación; pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e, no seu caso, polas disposicións que en materia de contratación dite a Comunidade Autónoma nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución. De forma supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ó contido do presente prego de cláusulas administrativas particulares, cuxas cláusulas considéranse parte integrante dos respectivos contratos.

No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No caso de que o presente prego se traduza á lingua castelá, en caso de discordancia entre a versión orixinal en galego e a tradución ó castelán, prevalecerá a versión en galego, a cal será considerada a versión oficial.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola



Administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ó contratista do seu cumprimento.

2. OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER

O presente contrato ten por obxecto a realización do subministro a que se refire o Anexo I, onde asemade se especifican as necesidades a satisfacer.

Se o contrato está dividido en lotes, os licitadores poderán optar a un deles, a varios ou a todos, agás que se estableza un número máximo de lotes por licitador, o que se indicará no Anexo I do presente prego de cláusulas particulares.

3. PRESUPOSTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO

3.1. Presuposto de licitación:

O presuposto de licitación é o que figura no Anexo I, no que se indicará como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que deba soportar o Concello.

3.2. Prezo do contrato:

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluirá, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos e honorarios do persoal ó seu cargo que realice os traballos.

3.3. Valor estimado:

O valor estimado indicárase no Anexo I, e constitúe o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadoiro á empresa contratista segundo as estimacións do órgano de contratación.

Para o seu cálculo, tense en conta, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos derivados da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura, o beneficio industrial, así como calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato, a contía das primas ou pagamentos que, no seu caso, se prevexan aboar aos candidatos ou licitadores, e o importe máximo das modificacións á alza que se podan prever.

O método de cálculo aplicado para calcular o valor estimado do contrato indicárase no Anexo I.

No caso de que o valor estimado do contrato conforme ás previsións do art. 101 da LCSP, non coincida co presuposto de licitación, farase constar tal circunstancia no Anexo I, motivándoo axeitadamente.



4. FINANCIACIÓN

O contrato financiase segundo se especifica no Anexo I (cadro de características do contrato).

Para atender as obrigas económicas que se derivan para o Concello do cumprimento do contrato deberá de consignarse nos orzamentos de cada un dos exercicios orzamentarios aos que se estenda o contrato, crédito suficiente para atender o mesmo, e con cargo á aplicación orzamentaria sinalada no Anexo I, estando financiado segundo a desagregación indicada no devandito anexo.

A adxudicación e formalización do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

5. REVISIÓN DE PREZOS

No Anexo I indicárase se o prezo do contrato é ou non revisable.

No caso de que proceda a revisión de prezos, esta deberá axustarse ó establecido no art. 103 e seguintes da LCSP, así como ó disposto no Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Nos contratos celebrados con prezos provisionais non haberá revisión de prezos de acordo co disposto no art. 102.7 in fine da LCSP.

6. PRAZO DE DURACIÓN OU EXECUCIÓN DO CONTRATO

6.1 Prazo de duración do contrato ou de execución da prestación.

O prazo de duración do contrato ou de execución da prestación, así como os prazos parciais para a súa execución sucesiva que, no seu caso, puideran establecerse, serán os que se sinalen no Anexo I e comezaran a contar a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato.

No caso de determinar un prazo de execución, o tempo operará como simple circunstancia da prestación, polo que o contrato se entenderá extinguido cando se cumpra satisfactoriamente a prestación ou se adopte acordo de resolución do contrato.

En todo caso, o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración, que poderá impoñerlle penalidades ou resolver o contrato nos termos establecidos neste prego.

6.2 Prazos parciais



Serán os que, no seu caso, se fixen no Anexo I ou na aprobación do Programa de Traballo ou, no seu defecto, na proposta de prazos feita polo contratista xunto coa súa oferta.

6.3 Prórrogas

Agás que no Anexo I se indique o contrario, o contrato poderá prorrogarse de acordo co establecido no Art. 29 da LCSP.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos art. 203 a 207 da LCSP.

No seu caso, no Anexo I indicaranse as condicións da posible prórroga do contrato.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous meses.

En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes

Cando ao vencemento do contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Neste último suposto, tendo en conta a natureza imprevisible desta prórroga, e que a súa aplicación non deriva da vontade do órgano de contratación, a mesma non se tomará en consideración a efectos de fixar o valor estimado do contrato non sendo tampouco de aplicación a obriga de preaviso antes referida.

6.4 Ampliación do prazo de execución.

Cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen perxuízo das penalidades que no seu caso procedan.

7. CAPACIDADE E SOLVENCIA DO EMPRESARIO PARA CONTRATAR

7.1 Capacidade

Conforme ó disposto polo art. 65 da LCSP, poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade para obrar non se atopen comprendidas en algunha das prohibicións de contratar



que enumera o artigo 71 da LCSP, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica que se determinen polo órgano de contratación nos termos dos artigos 86, 87 e 90 da LCSP.

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cando as súas prestacións estean comprendidas dentro dos fines, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

Os empresarios licitadores deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da obra que constitúa o obxecto do contrato.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios (UTE) que se constitúan temporalmente ó efecto. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais, quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, conforme ao establecido no artigo 69 da LCSP.

No suposto de resultar adjudicataria, a Unión Temporal deberá formalizarse en escritura pública, así como presentar o C.I.F. da Unión Temporal. A duración da UTE será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

7.2 Solvencia

Os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica, financeira e técnica que se especifica no Anexo I en relación co Anexo II, no que, asemade se indicará a documentación requirida para acreditar as mesmas.

Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario, non obstante, a clasificación de este acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivera, sempre que o obxecto do contrato estea incluído ou se corresponda co ámbito de actividades de dito grupo ou subgrupo de clasificación, e cuxo importe anual medio sexa igual ou inferior ó correspondente á súa categoría de clasificación no grupo ou subgrupo, atendendo para iso ó código CPV do contrato que se indicará no Anexo I do presente prego.

Polo tanto, os empresarios poderán acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ó contrato ou ben acreditando os requisitos específicos de solvencia indicados no Anexo I en relación co Anexo II do presente prego.

Para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente de esa solvencia e medios, e que a entidade á que recorra non estea incurso en prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais, poderán recorrer ás capacidades de entidades alleas á unión temporal.



De conformidade co disposto polo art. 75.1 da LCSP, con respecto ós criterios relativos aos títulos de estudio e profesionais que se indican no art. 90.1 e) da LCSP ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van a prestar os servizos para os cales son necesarias ditas capacidades.

A falla ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

Cando unha empresa recorra a capacidades de outras entidades deberá achegar compromiso escrito emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia.

Cando unha empresa recorra ás capacidades doutras entidades no que respecta ós criterios relativos á solvencia económica e financeira, unha e outras serán responsables solidarias da execución do contrato. Neste senso o compromiso emitido pola empresa que preste a súa solvencia deberá conter a aceptación expresa, por dita empresa, dos efectos sinalados no art. 1257.2 do Código Civil.

De acordo co disposto no art. 75.4 da LCSP, no Anexo I do presente prego poderase esixir que determinadas partes ou traballos obxecto do contrato, en atención á súa especial natureza, sexan executadas directamente polo propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un participante da mesma.

Naqueles supostos en que sexa posible acreditar a solvencia con medios doutras entidades, a solvencia que o licitador deberá acreditar como propia non será inferior ó **50%** da esixida para cada medio de acreditación indicado no Anexo II.

8. PERFIL DE CONTRATANTE

No perfil de contratante do órgano de contratación publicarase a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente á súa actividade contractual, conforme ó establecido no art. 63 da LCSP.

O acceso público ó perfil de contratante realizarase a través da sede electrónica do Concello indicada no Anexo I (<https://sede.vilagarcia.gal/>).

9. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO

O contrato adxudicarase mediante PROCEDIMENTO ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E TRAMITACIÓN ORDINARIA, de acordo co sinalado no art. 156 en relación co 21 da LCSP, o que se indicará no Anexo I, no que tamén se incluírá, no seu caso, a posibilidade de incluír variantes ou melloras, sen repercusión económica sobre os elementos e condicións indicadas no mesmo conforme ó disposto polos art. 142 e 145.7 da LCSP.

No Anexo VI determinaranse os criterios obxectivos de adxudicación e baremo de valoración dos mesmos.

10. PRESENTACIÓN DE OFERTAS



O órgano de contratación anunciará a licitación do contrato no perfil de contratante do Concello de Vilagarcía de Arousa e no Diario Oficial da Unión Europea, de acordo co disposto polo art. 135 da LCSP.

Cada licitador presentará unha soa proposición. Non se poderán subscribir propostas de unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figura noutra UTE. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación da proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvidade ou reserva algunha.

11. OFERTAS: LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se sinalen no Anexo I.

No Anexo I indicárase o tipo de tramitación do expediente, ordinaria ou urxente, ós efectos previstos na normativa contractual.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

10.1.- Lugar e prazo de presentación:

O Concello de Vilagarcía de Arousa de conformidade co disposto nas Disposicións Adicionais 15ª, 16ª e 17ª da LSCP, utilizará medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos contemplados na LCSP, que como mínimo comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Notificacións e comunicacións na tramitación dos procedementos de adjudicación.
- b) Presentación de ofertas e solicitudes de participación.

Ditas actuacións, deberán ser realizadas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PLACSP) accesible desde a seguinte dirección web <https://contrataciondelestado.es>, garantíndose en todo momento a libre concorrancia, non discriminación e restrición de acceso a dito procedemento.

Na dirección web <https://contrataciondelestado.es> ten dispoñible toda a documentación relativa á licitación en curso, así como un canal de comunicación directa co Órgano de Contratación pública do Concello de Vilagarcía de Arousa, ao que poderán plantexarlle preguntas, solicitar aclaracións, presentar as ofertas e recibir as notificacións, así como o exercicio de calquera outros dereitos que a normativa aplicable ao proceso de contratación en curso lle confira como licitante.

A Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) , á utilización da cal se adheriu o Concello de Vilagarcía de Arousa, cumpre integramente con tódolos requisitos legais e técnicos dispostos nas Disposicións Adicionais 15ª, 16ª e 17ª Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa de desenvolvemento.



A preparación e presentación das ofertas, xunto coa documentación preceptiva, realizarase, dentro do prazo establecido ó efecto no Anexo I, a través da plataforma PLACSP, accesible dende a seguinte dirección web: <https://contrataciondelestado.es>

O acceso a <https://contrataciondelestado.es> é gratuito e permite realizar a consulta e descarga dos pregos do procedemento, notificacións electrónicas así como a presentación de ofertas.

Para acceder á PLACSP, os licitadores que non estean dados de alta, deberán rexistrarse na dirección electrónica <https://contrataciondelestado.es> (área empresas), onde ten á súa disposición as GUÍAS DE AXUDA tanto para o rexistro da empresa na plataforma como para a preparación e presentación electrónica das ofertas.

10.2.- Forma de presentar as proposicións.-

A presentación de ofertas e documentos, así como as notificacións e comunicacións entre o Órgano de Contratación e os interesados para este procedemento realizarase exclusivamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), co seguinte enderezo electrónico: <https://contrataciondelestado.es>

Os licitadores deberán presentar os documentos electrónicos en formato PDF.

Os licitadores deberán asinar mediante sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación e que garanta a identidade e integridade do documento, a oferta e tódolos documentos asociados á mesma, nos que sexa necesaria a sinatura do apoderado, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, de 19 de decembro, e demais disposicións de contratación pública electrónica.

Toda a documentación das proposicións ou solicitudes presentadas deberá vir redactada en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ó galego ou castelán.

No caso de que se presente a oferta redactada nas dúas linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, e exista discordancia entre a versión en galego e a versión en castelán, prevalecerá a versión en galego.

A proposición económica axustarase ós aspectos obxectivos de adxudicación que se conteñen no Anexo VI, así como ó modelo que se contén no Anexo IV.

12. DOCUMENTACIÓN

Os documentos que se acheguen xunto ás proposicións haberán de estar asinados dixitalmente.

12.1.- SOBRE 1: Documentación administrativa.

Conterá a seguinte documentación:

12.1.1.- Documentación acreditativa dos requisitos para contratar coa administración:

12.1.1. a).- Declaración responsable. (Anexo XII do prego)



De conforme ao establecido nos artigos 140 e 141 da LCSP, presentarase unha declaración responsable que se axustará ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) establecido polo Regulamento (UE) n.º 2016/7 (DOUE do 6/01/2016) accesible a través de la seguinte dirección <https://ec.europa.eu/tools/espdp/filter?lang=es>.

Ao efectos de facilitar a cumplimentación do DEUC, as persoas licitadora poderán consultar o BOE nº 85, de 8 de abril de 2016, onde se publicou a Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de Contratación.

Co servizo DEUC electrónico, o órgano de contratación creará un modelo DEUC para este procedemento, que se pondrá a disposición dos licitadores en formato normalizado XML, xunto cos demais documentos da convocatoria na Plataforma de Contratación do Sector Público, cuxa instrucións de descarga e utilización constan no anexo XIII deste prego.

O licitador deberá almacenar localmente no seu ordenador dito modelo normalizado XML e acceder despois ao servizo DEUC electrónico, onde deberá importalo, cumplimentar os datos necesarios, asinalo e achegalo no sobre electrónico correspondente ao lote/s que se presente, en formato pdf.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación, deberá acreditar, ante a mesa de contratación, previamente á adjudicación do contrato, no suposto de que a documentación non estea inscrita no Rexistro de licitadores, a posesión e validez dos documentos que se indican na cláusula 13.3.

En todo caso, a mesa de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas na cláusula 13.3 para ser adjudicatario do contrato.

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións para contratar deberán concorren na data final de presentación das ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

Cando o prego prevexa a división en lotes do obxecto do contrato, se os requisitos de solvencia esixidos varían dun lote a outro, achegarase unha declaración responsable por cada lote ou grupo de lotes ao que se apliquen os mesmos requisitos de solvencia.

12.1.1.b) Declaración complementaria ao DEUC, formulada consonte ao Modelo que figura como Anexo IX deste Prego e que se porá a disposición dos licitadores na plataforma de Contratación.

12.1.2) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a integrarían, DEUC de cada unha das empresas integrantes da UTE indicando que cumpren as condicións legalmente esixidas para contratar coa administración, así como participación de cada unha das empresas na UTE, co compromiso de constituíla formalmente no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co



artigo 69 da LCSP. Este documento deberá ir asinado electrónicamente polo representante de cada unha das empresas e no mesmo expresarase a persoa a quen designan como representante da UTE ante o Concello para todos os efectos relativos ó contrato, enderezo da UTE e correo electrónico que sinalen a afectos de notificacións (poderase empregar o modelo contido no Anexo X).

Rexistro dun Grupo de empresas (UTE) na plataforma: Véxanse as guías de axuda na páxina web <https://contrataciondelestado.es>

12.1.3 Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no art. 42 do Código de Comercio, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, con indicación das que se presentan á licitación.

Esta declaración deberá constar en cada unha das ofertas formuladas por tódalas empresas vinculadas que concorran á licitación (86 do RXLCAP).

En ningún caso se introducirán neste sobre/arquivo electrónico documentos ou informacións propias do sobre ou arquivo electrónico 2. (a súa inclusión dará lugar á exclusión automática do licitador).

12.2.- SOBRE 2: Proposta técnica.

Conterá a proposta técnica que se axustarase ao establecido no anexo V deste prego e ao establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

12.3. SOBRE 3: Oferta económica e documentación para valoración de criterios cuantificables de forma automática.

Conterá:

12.3.1) A Proposición económica:

Indicarase a oferta económica no recadro especificado para tal efecto.

Ademais, incluírase un documento en formato PDF coa proposición económica, unha por cada lote aos que se presente, formulada consonte ó Modelo que figura como Anexo IV deste Prego e que se porá a disposición dos licitadores na plataforma. A oferta económica incluírá como partida independente o Imposto sobre o valor engadido (IVE) que deba ser repercutido.

Na oferta económica entenderanse incluídos a tódolos efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos e honorarios do persoal ó seu cargo que realice os traballos.



Cada licitador só poderá presentar unha oferta económica, non sendo admitidas proposicións económicas por importe superior ó presuposto aprobado.

No caso de discordancia ente a cantidade consignada en cifras e a consignada en letras, prevalecerá esta última.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todos aqueles datos que o Concello estime fundamentais para a oferta.

12.3.2) Melloras ofertadas polo licitador avaliadas automaticamente.

Respecto ás melloras só se poderán tomar en consideración variantes ou melloras, sen repercusión económica, que se prevexan expresamente no prego. Neste caso no Anexo VIII precisarase sobre qué elementos e en qué condicións queda autorizada a súa presentación.

O licitador indicará as melloras, sen repercusión económica, incluídas na oferta económica presentada, e que formarán parte do contrato no suposto de ser aceptadas polo órgano de contratación no acto de adjudicación, debendo recollese expresamente no mesmo e non poderán ser obxecto de modificación.

13.- APERTURA DE OFERTAS, CLASIFICACIÓN E ADJUDICACIÓN DO CONTRATO.

13.1 Apertura de ofertas.

Unha vez rematado o prazo de presentación das proposicións, constituirase a Mesa de Contratación, que procederá do seguinte xeito:

- Procedementos nos que se contemplen criterios de adjudicación avaliados mediante un xuízo de valor:

A Mesa procederá á apertura da documentación achegada polos licitadores no sobre correspondente a estes criterios, trasladando a devandita documentación aos servizos técnicos do órgano de contratación, para que a avalíen no prazo máximo de sete días naturais.

Posteriormente, nun acto público que se celebrará o día e hora que se sinala no Perfil do Contratante e se comunicará ós licitadores, a Mesa procederá á lectura do resultado da referida avaliación, e á apertura dos sobres que conteñan a documentación avaliada mediante fórmulas.

- Procedementos nos que non se contemplen criterios de adjudicación avaliados mediante un xuízo de valor:

A Mesa procederá, nun acto público que se celebrará o día e hora sinalado no Anexo I do presente prego, á apertura da documentación achegada polos licitadores nos sobres que conteñan a documentación avaliada mediante fórmulas.



En ambos os dous casos, a Mesa procederá a:

1. Calificar a documentación á que se refire o artigo 140 da LSP, que deberá presentarse polos licitadores en arquivo electrónico distinto ao que conteña a proposición.
2. Previa exclusión no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do pregos, avaliar e clasificar as ofertas por orde decrecente e de acordo cos criterios de adxudicación recollidos no Anexo VI e realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación ou, no seu caso, proposta de declaración de licitación deserta
3. No caso de que dúas ou máis ofertas se atopen igualadas unha vez aplicados os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, o empate resolverase mediante a aplicación do criterios de desempate contidos no art. 147.2 da LCSP, sempre que os licitadores presentaran a documentación acreditativa correspondente a requirimento da administración

A proposta de adxudicación no creará dereito algún a favor do licitador proposto:

4. Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.
5. Requisir á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 10 días hábiles contados desde o seu envío, constitúa a garantía definitiva, e achegue a documentación sinalada ao efecto na cláusula 13.3.

13.2 Ofertas anormalmente baixas.

No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149 LCSP, e concretados a continuación, a Mesa, unha vez realizada a actuación recollida no punto 1 anterior, seguirá o procedemento previsto no citado artigo 149, se ben o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles dende a notificación da correspondente comunicación.

Para os efectos do disposto no art. 149 da LCSP, terán a consideración de ofertas anormalmente baixas as proposicións económicas que se atopen nos supostos contemplados no art. 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A Mesa de Contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador e elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ó Órgano de Contratación.

Se o órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes dos servizos técnicos municipais, estimase que a información recabada non explica



satisfactoriamente o baixo nivel de prezos ou custes propostos polo licitador e que, polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do artigo 150 LCSP. En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

13.3. Documentación que deberá presentar o licitador que obtivera a mellor puntuación:

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

Documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato:

13.3.1 A) Documentos acreditativos da personalidade e capacidade de obrar dos licitadores.-

A-1) Empresarios individuais: D.N.I., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Empresarios Persoas xurídicas:

- Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.)
- Escritura de Constitución ou Modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible consonte á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.
- D.N.I., pasaporte ou documento que o substitúa, da persoa física que actúe como representante da persoa xurídica.

A-3) Empresas estranxeiras:

A-3.1) Empresas Comunitarias:

Cando se trate de empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en función dos diferentes contratos.

A.3.2) Empresas non comunitarias:

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do



domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Nestes supostos, ademais, deberá achegarse informe da Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de Estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos casos previstos no art. 10 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP) ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire dito artigo.

13.3.1. B) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, achegará poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

13.3.1. C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades, declaracións responsables e cumprimento de obrigas tributarias e coa seguridade social:

a) Declaración de non estar incurso en prohibicións de contratar establecidas no art. 71 da LCSP.

b) Declaración responsable de ter capacidade de obrar.

Os licitadores poderán acreditar estas declaracións mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

As referidas declaracións poderán acreditarse mediante declaración responsable.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

c) Obrigas tributarias:

- c.1.- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.
- c.2.- Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vilagarcía de Arousa (esta certificación incorporárase de oficio polo órgano de contratación sempre que o interesado preste o seu consentimento).

d) Obrigas coa Seguridade Social:



Certificación positiva, expedida, pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas (esta certificación incorporárase de oficio polo órgano de contratación sempre que o interesado preste o seu consentimento).

As circunstancias establecidas nas letras c.1), c.2) e d) anteriores poderán tamén acreditarse mediante a achega do certificado do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou polo Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, sempre que acredite os anteriores extremos.

13.3.1. D) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira e técnica:

A solvencia poderá acreditarse mediante os medios de admisión e conforme ós criterios fixados no Anexo II polo órgano de contratación.

Considerarase que a empresa ten solvencia económica e financeira e técnica se cumpre cos criterios que se sinalan no indicado Anexo II.

A valoración da clasificación das unións temporais de empresas axustarase ó disposto nos art. 69.5 e 69.6 da LCSP.

No caso de que, para acreditar a solvencia, o empresario recorra ás capacidades de outras entidades, deberá presentar compromiso por escrito das devanditas entidades nos termos previstos no artigo 75.2 LCSP.

13.3.1. E) Unións temporais de empresas.

Acreditación da personalidade, capacidade e solvencia económica, financeira e técnica de cada unha das empresas integrantes da UTE.

13.3.1. F) Rexistros Oficiais:

Os licitadores que acheguen certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia a que se refire o art. 96 da LCSP, ou ben un certificado comunitario de clasificación conforme ó establecido no art. 97 da LCSP, acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non variaron, quedarán dispensadas de presentar os documentos referenciados nos apartados:

13.3.1 a) puntos A-1) e A-2)

13.3.1 b)

13.3.1 c) puntos a, b,c e d

13.3.1 d) no caso de acreditar a solvencia a través da clasificación como empresa contratista de servizos no grupo, subgrupo e categoría esixidos no Anexo II do presente prego.

A estes efectos acompañarase certificado no que conste o cumprimento dos requisitos de ditos apartados.



O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderán comprobar os datos do certificado achegado e obter o mesmo actualizado á data en que remate o prazo de presentación de proposicións e con anterioridade á formalización do contrato.

13.3.2.- Asemade, durante o indicado prazo de 7 días, requirirase ó licitador proposto para que presente a documentación que a seguir se indica, advertíndolle que de non cumprimentar axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a efectuar proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a garantía definitiva.

Documentación a requirir:

a) Imposto sobre Actividades Económicas:

Certificación de alta no IAE no exercicio e no enderezo fiscal ou no lugar da realización da prestación obxecto do contrato, ou recibo acreditativo de pago do derradeiro recibo do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, acompañado dunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se dou de baixa na matrícula do citado Imposto.

No caso de estar exento de este imposto presentarán declaración xustificativa ó respecto e fotocopia dos documentos que acrediten tal exención (exemplo: declaración imposto sociedades).

b) Garantía definitiva:

Resgardo acreditativo da constitución, na Tesourería Municipal, de garantía por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), a disposición do órgano de contratación.

A garantía poderá constituírse mediante calquera das formas previstas no art. 108 da LCSP.

Cando se indique no Anexo I e de conformidade co disposto polo art. 107.2 da LCSP, poderase esixir unha garantía complementaria de ata un 5% do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía un total do 10% do prezo de adxudicación do contrato.

c) Outra documentación:

Calquera outros documentos da súa aptitude para contratar que lle reclame o órgano de contratación.

13.4. Adxudicación do contrato.



A adxudicación e a súa notificación realizarase a través da PLACSP.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación correctamente presentada.

A adxudicación deberá ser motivada e concretará e fixará os termos definitivos do contrato. Asemade, notificarase ós licitadores e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 15 días naturais.

Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á súa formalización conforme ao artigo 153.3 LCSP.

Cando o único criterio de adxudicación sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días, a contar desde o seguinte á apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, ou empregándose un único criterio este sexa o do menor custe do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses, a contar desde a apertura das proposicións, agás que no Anexo I se establecera outro prazo.

Estes prazos ampliaranse en quince días hábiles no caso de que sexa necesario seguir os trámites sinalados no artigo 149 da LCSP para as ofertas anormalmente baixas.

De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, a proposta da Mesa de Contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola mesa de contratación, deberá motivar a súa decisión.

14 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

No caso de que o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, con carácter previo á formalización do contrato, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

O contrato formalizarase en documento administrativo na data que sinala a Administración contratante, non antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151 da LCSP, constituíndo este documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo á súa costa os correspondentes gastos.



Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida na cláusula **12.3** do presente prego.

Ademais do contrato, o adxudicatario debera asinar o Prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas, que se unirán como anexos ó mesmo.

A formalización publicarase, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tralo perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación e no DOUE.

Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa formalización previa.

15 EXECUCIÓN DO CONTRATO E OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA

15.1 A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

15.2 O contrato executarase con suxeición ó establecido no seu clausulado e nos pregos que rexen a licitación, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación de ó contratista o responsable do contrato, nos casos en que se designara polo órgano de contratación, ou, no seu defecto, os servizos dependentes do órgano de contratación.

15.3 O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

15.4 O contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo, cando así se especifique no Anexo I e co contido mínimo que, no seu caso, se indique no Anexo V (Proposta técnica), que será aprobado polo órgano de contratación.

15.5 Protección de datos de carácter persoal:

A persoa contratista, deberá cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 DO Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento do datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Para isto, e en aplicación da disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, a persoa contratista tendrá a consideración de encargado do tratamento. Asimesmo a persoa contratista deberá cumprir,



en canto non se opoña ao Regulamento citado, a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, en virtude da cal terá a obriga de garda sigilo respecto dos datos de carácter persoal aos que teña acceso no marco do presente contrato, que se tratarán conforme as instrucións do concello de Vilagarcía de Arousa, e non se aplicará ou utilizará cun fin distinto ao estipulado, nin os comunicará, nin siquera para a súa conservación, a outras persoas. Ademais, deberá cumprir as medidas técnicas e organizativas estipuladas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o regulamento en desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. No caso de que a empresa ou calquera dos seus membros, destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións do contrato, será responsable das infraccións cometidas. Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ó Concello, ó igual que calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento (art. 12.3 LOPD).

A empresa adjudicataria non poderá aplicar ou utilizar os datos aos que teña acceso no Concello para fins distintos da realización das tarefas obxecto do contrato, nin reproducilos ou cedelos baixo ningún concepto a outras persoas físicas ou xurídicas, nin siquera para a súa conservación. Nembargantes, o contratista non incorrerá en responsabilidade cando, previa indicación expresa do Concello, comunique os datos a un terceiro sinalado por aquela, que terá a consideración de encargado do tratamento.

Deberá implementar as medidas de seguridade de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ó Concello, ó igual que calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento (art. 12.3 LOPD).

A Administración contratante reservase o dereito a efectuar en calquera momento os controis e auditorías que considere apropiadas co fin de verificar o correcto cumprimento desta cláusula.

O Concello de Vilagarcía de Arousa non asume responsabilidade algunha polo incumprimento por parte do adjudicatario da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

15.6 O contratista está obrigado a gardar silencio respecto ós datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo, non podendo por tanto, proporcionar información a terceiras persoas sobre a materia obxecto do contrato, a non ser que conte a estes efectos coa previa autorización do Concello.

A empresa adjudicataria gardará secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato.



15.7 No prego de prescricións técnicas indicárase, no seu caso, o lugar de realización da prestación que constitúe o obxecto do contrato.

16 OBRIGAS LABORAIS, SOCIAIS E ECONÓMICAS DO CONTRATISTA. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

16.1.- O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo e prevención de Riscos laborais.

16.2.- Antes de comezar a execución do contrato, o contratista deberá dar cumprimento ó disposto pola Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e polo Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o art. 24 da lei 31/1995, en materia de coordinación de actividades empresariais.

16.3.- O persoal adscrito ós traballos dependerá exclusivamente do contratista, quen terá tódolos dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresario respecto ó mesmo.

16.4.- Á extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación de persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.

16.5.- En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas no seu carácter de empregador, sen que poida repercutir contra o Concello ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os organismos competentes.

16.6.- En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de toda cantidade que se vira obrigado a pagar por incumprimento das obrigas establecidas neste prego, aínda que lle veña imposta por resolución xudicial ou administrativa.

16.7.- Corresponde e será a cargo do contratista:

- a) A obtención das autorizacións e licenzas, documentos e calquera información, tanto oficiais como particulares, que se requiran para a realización do servizo contratado.
- b) Os gastos de comprobación de materiais, no seu caso, vixiancia do proceso de execución e posterior asistencia durante o prazo de garantía.
- c) As probas, ensaios ou informes necesarios para verificar a correcta execución do servizo contratado, co límite do 1% do prezo total do contrato.
- d) A indemnización dos danos que se causen tanto ó Concello como a terceiros, como consecuencia das operacións ou traballos que requira a execución do contrato, agás que tales prexuízos foran ocasionados por unha orde inmediata e directa do responsable do contrato ou do órgano de contratación, con expresa reserva escrita por parte do contratista dirixida ó responsable do contrato e ó órgano de contratación, sendo neste caso responsable dentro dos límites establecidos na lei. A cantidade en que se concreten tales danos será esixida por vía de prema



administrativa. No caso de incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar os danos e perxuizos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, imporanse as penalidades que se determinan na cláusula 19 do presente prego.

e) A liquidación dos gastos laborais e sociais, e deberá pagar tódolos Impostos, Contribucións, Taxas e Prezos Públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

16.8.- Obrigas do contratista respecto ó seu persoal:

16.8.1.- Selección do persoal.

Corresponde exclusivamente ó contratista a selección do persoal a adscribir á execución do contrato, sen perxuizo da verificación en calquera momento, por parte do Concello, de que o persoal seleccionado reúne os requisitos de titulación e experiencia esixidos no prego de prescricións técnicas particulares para executar os traballos obxecto do contrato e pode cumprir efectivamente o mesmo.

16.8.2.- Dirección do persoal.

O contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licencias e vacacións, as substitucións do traballador en casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando proceda, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empresario.

16.8.3.- Control do persoal.

Serán obrigas do contratista:

- Velar porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto das tarefas delimitadas nos pregos como obxecto do contrato.
- Cubrir de forma inmediata calquera ausencia de persoal.
- Indemnizar ó Concello polo danos e perxuizos que poida causar á administración contratante o persoal adscrito á prestación do servizo.

16.8.4.- Designación dun director/coordinador técnico do contrato:

O contratista deberá designar entre os traballadores pertencentes ó cadro de persoal da empresa, un director/coordinador técnico do contrato, que terá entre as súas obrigas, as seguintes:

- a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ó Concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ó contrato, de un lado, e ó Concello, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.



- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir a ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia de dito persoal ó posto de traballo.
- d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo a tal efecto coordinarse adecuadamente a empresa contratista co Concello, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.
- e) Informar ó Concello acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

16.8.5.- Desvinculación do persoal co Concello.

O persoal adscrito polo contratista á prestación do servizo non terá vinculación algunha co Concello e dependerá única e exclusivamente do contratista, quen asumirá a condición de empresario con todos os dereitos e deberes que legalmente lle corresponden respecto a dito persoal, sen que en ningún caso resulte responsable o Concello das obrigas do contratista e os seus traballadores, aínda que as medidas que adopte o empresario (reducións de xornada, suspensións, despidos, etc.) sexan consecuencia directa ou indirecta do cumprimento, resolución ou interpretación do contrato.

16.8.6.- Obrigación de cumprimento do convenio colectivo de aplicación.

A empresa contratista estará obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación. En todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ó Convenio Colectivo sectorial de aplicación. Esta obriga terá o carácter de condición especial de execución e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas na cláusula 22 do presente prego.

A inclusión desta condición especial de execución xustifícase na necesidade de garantir que o contratista cumpra o convenio colectivo sectorial de aplicación, e especialmente que todos os traballadores que participen na execución da obra perciban as súas retribucións puntualmente, sen retrasos e de acordo co establecido no citado convenio.

Esta condición especial de execución será esixida igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do contrato.

Os licitadores poderán ser requiridos para indicar o convenio colectivo que lle é de aplicación aos traballadores que desenvolvan a actividade obxecto do contrato antes da adxudicación do mesmo ou en calquera momento durante a súa execución.

17 SEGUROS

O contratista deberá ter subscritos os seguros legalmente obrigatorios, así como un seguro que cubra as eventuais responsabilidades que se deriven do exercicio da súa actividade.



18 INFORMACIÓN SOBRE LAS CONDICIÓNNS DE SUBROGACIÓN EN CONTRATOS DE TRABAJO.

Cando unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral, impoña ó adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, facilitarase ós licitadores a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custes laborais que implicará tal medida, información que se facilita en cumprimento do previsto no art. 130 da LCSP.

A estes efectos, a empresa que resulte adxudicataria do presente contrato e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados, estará obrigada a proporcionar a información anteriormente referida ó órgano de contratación, a requirimento de este. Como parte da información, en todo caso, se deberán aportar os listados do persoal obxecto de subrogación, indicándose: o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables ós traballadores ós que afecte a subrogación.

En todo caso, en relación ó réxime de subrogación deberá estarse ó disposto no art. 130 da LCSP.

En cumprimento do previsto no art. 130 da LCSP, a posibilidade de obriga de subrogación por norma legal, convenio colectivo ou acordo de negociación colectiva de eficacia xeral, contéplase no **Anexo I** do presente prego. No seu caso, a información facilitada pola empresa que viñera efectuando a prestación obxecto do contrato constará no **Anexo XI**, relativo á información sobre las condicións dos contratos dos traballadores ós que afecte a subrogación ó obxecto de permitir unha exacta avaliación dos custes laborais.

Asemade, e sen prexuízo da aplicación, no seu caso, do establecido no art. 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, o contratista está obrigado a responder dos salarios impagados ós traballadores afectados por subrogación, así como das cotizacións á Seguridade Social devengadas, incluso no suposto de que se resolva o contrato e aqueles sexan subrogados polo novo contratista, sen que en ningún caso dita obriga corresponda a este último. Neste caso, a Administración, acreditada a falla de pago dos citados salarios, procederá á retención das cantidades debidas ó contratista para garantir o pago dos citados salarios, e á non devolución da garantía definitiva en tanto non se acredite o abono destes, conforme ó previsto no art. 130.6 da LCSP.



O incumprimento polo contratista da obriga prevista no art. 130 da LCSP dará lugar á imposición de penalidades dentro dos límites establecidos no art. 192 da LCSP, e que se concretan na cláusula 19 do presente prego.

19 PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

19.1.- De conformidade co disposto no art. 192.1 da LCSP imponse ó contratista penalidades cando incorra nalgún dos supostos indicados na presente cláusula.

19.2.- O importe de ditas penalidades será proporcional á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderá ser superior ó 10% do prezo do contrato (IVE excluído), nin o total das mesmas superar o 50% do prezo do contrato.

19.3.- O incumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción da prestación obxecto do mesmo.

19.4.- As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, previa instrución dun expediente no que constarán as seguintes actuacións:

- Proposta do responsable do contrato si se houbera designado ou informe do servizos municipais dando conta dos feitos ou denuncia ou informe dos representantes dos traballadores que realicen a prestación do servizo obxecto do contrato.

- Audiencia do contratista por prazo mínimo de dez días hábiles

O acordo adoptado polo órgano de contratación será inmediatamente executivo.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se houbera constituído, cando non poidan deducirse dos mencionados pagos.

19.5.- O adxudicatario admite e reconece especialmente a natureza obrigacional destas penalidades e polo tanto a non aplicación ás mesmas do principio de reserva de lei nin do procedemento sancionador regulado na lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

19.6.- En tódolos casos de non prestación dos servizos contratados, ademais da imposición das penalidades correspondentes, descontarase o importe das prestacións non efectuadas.

19.7.- Penalidades:

19.7.1.- Penalidades por demora

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo no anexo I, así como, dos prazos parciais sinalados, no seu caso, no Anexo I para a súa execución sucesiva.



Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, o Concello poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades de acordo co disposto no art. 193 da LCSP.

A Administración terá as facultades a que se refire o art. 193 da LCSP respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

19.7.2.- Por incumprimento das condicións especiais de execución:

- Dará lugar á imposición de penalidades o incumprimento polo contratista das condición especial de execución contemplada na cláusula 16.8.6 do presente prego.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O incumprimento ou o retraso reiterado no pago dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos considerarase incumprimento grave ou moi grave en función do número de persoas afectadas polo incumprimento e/ou o número de ocasións en que este tivera lugar: de dúas a tres persoas/ocasións será considerado incumprimento grave, catro persoas/ocasións ou máis considerarase incumprimento moi grave

19.7.3.- Por incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso

Imporanse penalidades ó contratista no caso de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

19.7.4.- Por incumprimento do compromiso de adscrición de medios materiais e persoais para executar o contrato no caso de seren ofertados.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos



19.7.5.- Por incumplimento polo contratista da obriga de indemnizar a terceiros os danos e prexuízos ocasionados a consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumplimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos

19. 7.6.- Por incumplimento das obrigas relativas á subrogación.

19.7.7.- Por incumplimento dos criterios de adxudicación

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumplimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos

Nos supostos de imposición de penalidades por incumplimento parcial, cumprimento defectuoso ou demora na execución, no caso de que a penalidade imposta non cubra os danos causados ó Concello, este esixirá ó contratista a correspondente indemnización de danos e perxuízos..

20 ABONO DO PREZO

O contratista ten dereito ó abono do prezo convido, conforme ás condicións establecidas no contrato, correspondente ós traballos efectivamente realizados e formalmente recibos polo Concello.

O réxime de pagos axustarase ó disposto polo art. 198 da LCSP.

O pago realizarase, segundo se indique no Anexo I, de maneira total ou parcial, mediante abonos a conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada un dos vencementos que se estipularan, previa recepción de conformidade.

O pago do prezo efectuarase previa presentación de factura, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ó cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento ningún.

De acordo co disposto pola disposición adicional trixésimo segunda da LCSP, deberá presentar as facturas electrónicas correspondentes a través da plataforma telemática FACE, debéndose facer constar na factura os seguintes datos:



- Órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: Intervención Municipal.
- Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local.
- Destinatario: Concello de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co disposto pola Orde HAP/492/2014, de 27 de marzo, pola que se regulan os requisitos funcionais e técnicos do rexistro contable de facturas das entidades do ámbito de aplicación da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as facturas deberán conter os datos indicados no Anexo I do presente prego.

21 CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

A comprobación do cumprimento e recepción do obxecto do contrato efectuarase de acordo co previsto nos art. 210 e 311 da LCSP.

A constatación da correcta execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato realizarase mediante a correspondente acta de recepción positiva ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato. A este acto, asistirá o órgano interventor da Administración, no exercicio da función de fiscalización material dos investimentos que esixe o artigo 214.2.d) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podendo estar asistido por un técnico especializado no obxecto do contrato, que deberá ser diferente do responsable do contrato (D.Adicional 3ª da LCSP).

A Administración determinará se a prestación realizada polo contratista axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a corrección dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitala quedando exento da obrigaçión de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

Unha vez efectuada a recepción da totalidade do obxecto do contrato e cumprido o prazo de garantía que, no seu caso, se indique no Anexo I, procederase á devolución da garantía prestada, se non resultaran responsabilidades que tiveran que exercitarse sobre a mesma, de conformidade co establecido no art. 111 da LCSP.

A práctica da liquidación do contrato axustarase ó disposto no art. 210.4 da LCSP.



22 PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS

Quedarán propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa tanto o servizo recibido como os dereitos inherentes ós traballos realizados, a súa propiedade industrial e comercial, reservándose o Concello a súa utilización, non podendo ser obxecto de comercialización, reprodución ou outro uso non autorizado expresamente polo Concello de Vilagarcía de Arousa, e este, en consecuencia, poderá solicitar en calquera momento a entrega dos documentos ou materiais que a integren, con todos os seus antecedentes, datos ou procedementos.

Os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos ou traballos protexidos polo dereito de propiedade intelectual ou industrial, levarán aparellada a cesión, con carácter exclusivo, de este dereito a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa, agás no caso de dereitos preexistentes, nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade. En todo caso, aínda cando se exclúa a cesión dos dereitos de propiedade intelectual con carácter exclusivo, o Concello de Vilagarcía de Arousa poderá sempre autorizar o uso do correspondente produto aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público.

A referida cesión supón que o contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio, sendo responsabilidade do contratista as perdas que se poidan derivar contra tal dereito de propiedade, por actuacións a el imputables.

A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; en calquera forma ou soporte legalmente admitido.

O contratista terá a obriga de proporcionar ó Concello, en soporte electrónico e en perfecto estado para o uso ó que se destinan, tódolos datos, cálculos, procesos e procedementos empregados durante a elaboración dos traballos, así como a creación ou resultado final do mesmo.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación, non estando obrigada a Administración contratante a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato comporta a cesión á Administración contratante do dereito de uso dos devanditos produtos, podendo esta, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público.



23 GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA

Todos os gastos necesarios para a execución do contrato correrán a cargo do contratista.

Son de conta do contratista os gastos e impostos, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orden á execución do contrato. Asemade, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ó seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVA e calquera outros que puideran derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

24 DEREITOS DO ADXUDICATARIO

- a) Percibir a remuneración fixada na súa oferta pola prestación dos seus servizos.
- b) Dispoñer de toda a documentación e información necesarias para a correcta realización dos traballos encomendados, coa debida salvagarda do disposto na lexislación vixente sobre protección de datos.
- c) Os demais que estableza a normativa de contratación pública vixente.

25 MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Sen prexuízo dos supostos previstos na LCSP respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, o contrato soamente poderá ser modificado durante a súa vixencia, por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP, e de acordo col procedemento regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no art. 207 da LCSP.

O contrato solo poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

1. Modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: Cando así se prevexa no Anexo I do presente prego, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.
2. Modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego, sempre e cando que se cumpran as condicións establecidas no art. 205 da LCSP.



De conformidade co disposto no art. 309 da LCSP, nos casos en que a determinación do prezo se realice mediante unidades de execución, non terán a consideración de modificación as variacións que durante a correcta execución da prestación se produzan exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo do contrato.

No presente contrato, a posibilidade de incrementar o número de unidades ata o 10 por cento do prezo do contrato, establécese no **Anexo I** do presente prego.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía definitiva para que garde proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días contados dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación.

As modificacións do contrato acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratistas nos termos establecidos no art. 206 da LCSP e deberán formalizarse conforme ó disposto no art. 153 da LCSP e publicarse de acordo co establecido nos art. 207 e 63 da LCSP.

26 CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

26.1 Cesión do contrato.

Á marxe dos restantes supostos contemplados no art. 214.1 da LCSP, a modificación subxectiva do contrato soamente será posible por cesión contractual.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidas polo contratista a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Para que o contratista poida ceder os seus dereitos e obrigacións a terceiros, de conformidade co establecido no artigo 214 LCSP, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.
- b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato.
- c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible en función da fase de execución do contrato, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.



d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a notificación ó mesmo da autorización expresa polo órgano de contratación da cesión.

Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que non se atope formalmente constituída a do cesionario.

26.2 Subcontratación.

De acordo co establecido no Anexo I deste Prego.

27 PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do presente contrato será o fixado no Anexo I (cadro de características do contrato), e contarase a partir da sinatura da acta de recepción positiva ou conformidade.

No caso de contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario fixar un prazo de garantía, indicárase no Anexo I esta circunstancia, así como a súa xustificación.

Ata que teña lugar a finalización do prazo de garantía, o contratista responderá da correcta realización da prestación obxecto do contrato e dos defectos que nela houbera, sen que sexa eximente nin outorgue dereito algún a circunstancia de que os representantes da Administración os examinaran ou recoñeceran durante a súa elaboración, ou aceptaran en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

Se durante o prazo de garantía se acreditara a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa corrección, concedéndolle un prazo para iso, e quedando, neste caso, en suspenso o prazo de garantía ata que por parte da empresa se efectúe a subsanación de conformidade para o Concello.

Terminado o prazo de garantía sen que o Concello formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o art. 311, apartado 4 e 5 da LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 314 e 315 da LCSP sobre corrección de erros e responsabilidade nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

Cumprido o prazo de garantía que, no seu caso, se indique no Anexo I, procederase á devolución da garantía prestada, se non resultaran responsabilidades que tiveran que exercitarse sobre a mesma, de conformidade co establecido no art. 111 da LCSP.

28 CAUSAS DE RESOLUCIÓN



Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 211 e 313 da LCSP, sen prexuízo das que expresamente se indiquen, no seu caso, no clausulado deste prego, cos efectos previstos no art. 213 e 313 da LCSP.

Outras causas de resolución.

Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

- a).- O incumprimento da obriga de gardar sixilo establecida na cláusula 15 deste prego.
- b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato.
- c).- O incumprimento das obrigas contractuais esenciais calificadas como tales nos pregos que rexen a licitación.

Entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

d).- O incumprimento das obrigas contempladas na cláusula 15.5 do presente prego.

e).- Calquera outra causa de resolución indicada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto polo art. 212 da LCSP.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e perxuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista.

29.- Publicidade e comunicación

O adxudicatario deberá cumprir en materia de comunicación toda a normativa de información e publicidade comunitaria que lles sexa de aplicación e que se recolle no Regulamento (UE nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Así como o indicado na Estratexia de Comunicación do POCS aprobado no Comité de Seguimento (CS), e que se pode descargar na seguinte url: http://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp1420/c/ec/Documents/Estrategia_comunicacion_POCS_20151130_V4_inicial.pdf



Os deseños dos carteis a colocar e/ou placas permanentes, así como os logotipos que, no seu caso teñan que colocarse nos aplicativos informáticos/sedes/etc., obxecto deste contrato, serán facilitados polo concello de Vilagarcía de Arousa, e deberán ser implementadas e/ou colocadas a costa do adxudicatario de contrato. No caso de carteis e/ou placas permanentes o seu subministro e colocación será a custa dos adxudicatarios, baixo as premisas fixadas polo concello de Vilagarcía de Arousa.

30.- RESPONSABLE SUPERVISOR DO OBXECTO DO CONTRATO E UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DO CONTRATO

O órgano de contratación designará unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución comprobando que se axusta ao establecido no contrato e cursará á empresa contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

Ao responsable do contrato que designe o órgano de contratación correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 da LCSP, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

- a) Interpretar o prego de prescricións técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato o en disposicións oficiais.
- b) Esixir a existencia dos medios e da organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.
- c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.
- d) Propoñer as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento dos servizos.
- e) Expedir, se é o caso, os informes parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e aboamentos que se acordaran.
- f) Tramitar cantas incidencias se produzan durante o desenvolvemento dos servizos.
- g) Convocar cantas reunións considere pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, ás que estará obrigada a acudir a representación da empresa adxudicataria, asistida daqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas que teñan algunha intervención na execución do servizo.
- h) Requirir información á empresa contratista sobre condicións de subrogación do persoal

A unidade encargada do seguimento e control ordinario do contrato será o centro xestor que o propón: **Departamento de Informática do concello de Vilagarcía de Arousa**

31. XURISDICION E RECURSOS



Xurisdición competente:

A resolución das cuestións litixiosas reativas á preparación, adxudicación, efectos modificación e extinción do contrato administrativo, derivado do presente expediente, será competencia do orden xurisdicional contencioso-administrativo.

Tamén coñecerá este orde xurisdicional contencioso-administrativo, dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten polo órgano de resolución dos recursos especiais en materia de contratación.

Recursos:

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación as actuacións relacionadas no apartado 2 do artigo 44 da LCSP.

A lexitimación para interpoñer o recurso especial, a iniciación do procedemento, o prazo, a forma e o lugar de interposición e a solicitude de medidas cautelares recóllense nos artigos 48, 49, 50 e 51 da LCSP.

O coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación que se interpoñan, en relación co procedemento, están encomendadas ao Tribunais de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola disposición final segunda da Lei 1/2015 de 1 de abril de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, e adscrito á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

